

ALGUNHAS LEMBRANZAS ENCOL DE CASTELAO NO VINTECINCO CABODANO DO SEU PASAMENTO

Por RODOLFO PRADA

CANDO CHEGÓU A MONTEVIDEO

N-unha mañán fría do 15 de xullo do 1940, estivemos no porto de Montevideo, ollando impacentes o atraque do vapor "Argentina", no que viña dende Nova York a esgrevia figura de Castelao. Pra recibilo, fóramos unha ducia de delegados da colectividade galega de Buenos Aires. Con nosco, estaba alí a comisión de receución composta por presidentes das entidades galegas de Montevideo. Tamén estaba un coro galego, ca vestimenta crásica e un fato de nenas, belidamente adobiadas de galegas, portadoras de ramalletes de frores. E enchendo o grandeiro peirao, unha moitedume de mulleres e homes galegos.

Cando se ollóu na borda do barco a outa nobre figura de Castelao, prodúxose en tudos, unha estrana inhibición emozonal... Fíxose un impresionante silencio xeral... Foi cousa de segundos. E, de súpeto, o xentío reacionóu e estralaron estrondosos berros de "Castelao"... "Castelao"... ¡Viva Galicia!... ¡Terra a nosa!... E castelao, tendo á veira, á súa dona Virxinia, saudábanos cos seus longos brazos erguidos; e ás veces os cruzaba no peito, dándonos simbólicas apertas.

E neso, o coro ó pé do barco, con ardencia patriótica, rompéu a cantar o Hino Galego, que foi coreado por la multidume circundante. E víuse, como un brazo de Castelao erguía deica os ollos un pano branco, pra enxugar o lagrimexar que lle arrincaba a sagra canzón patria; namentras que, co outro, abrazaba á súa Virxinia, coma si nela quixer apertare a lonxán Nai Galicia.

* * *

Polas once horas serían, cando Castelao e Virxinia desembarcaron. Ele, a recibir apertas e máis apertas —pra miña honra, dínlle a primeira—; e Virxinia a recibir os ramalletes das nenas, que ela pagaba con bicos e máis bicos.

Bo traballíño costóu rescatar a Castelao dos centos de brazos que puxaban por darlle garimosas apertas. A comisión uruguaia de receución, conqueríu, ó fin, metelo con Virxinia no automóvil que lle estaba destiñado. E nós a seguilo, noutros. De primeiras, levóuse a Castelao a visitar as dúas máis importantes entidás galegas de Montevideo; e logo dun paseo pola cibdade e polas praias, foi agasallado cun banquete. E alí foi que, dispóis de vinte anos, poideron xuntarse, trocar apertas, lembrar vellos tempos de xuvenís ensonos, de belidas espranzas, de rexas loistas... os tres redatores do tan sonado periódico de Rianxo “El Barbero Municipal” que dirixía don Xosé Arcos Moldes, adicado a afeitar cada sábado o cacique da comarca; os tres redatores, que alí se atoparon, eran: Castelao, o esgrevio escritor uruguaio Eduardo Dieste e o director-médico da Sociedade Española de S. M. de Buenos Aires, doctor don Ramón Rey Baltar. ¡Era de ver, a ledicia que xurdía dos ollos e dos xestos daqueles tres vellos amigos e compañeiros de románticas campañas redentoras!

* * *

Ó fío das oito da noite, Castelao, Virxinia e os delegados que fóramos de Buenos Aires, embarcamos no “Argentina”, rumbo á capital bonaerense. Dende o peirao de Montevideo, de novo, os bós galegos uruguaio, atronaban o ár, cos berros afervoados de “Castelao”... “¡Viva Galicia!”... “¡Terra a nosa!”

A BORDO DO “ARGENTINA”

Os tripulantes e pasaxeiros daquíl barco norteamericán, amostrábanse solprendidos de ter levado de compañeiro de viaxe dende Nova York, a quen había pasado casi desapercibido a bordo, e que lles resultóu sere un gran persoaxe ó ver o recibimento que se lle fixera en Río de Xaneiro e o cramoroso que unha moitedume, con cantos e gaitas, lle acaba de facer en Montevideo.

* * *

Namentras o barco iba saíndo do porto e viraba ó redor do faro do Cerro, pra remontar o grandeiro Río de la Plata cara Buenos Aires, puden, ao fin, falar a soias e con vagar con Castelao. Xa non era aquíl Castelao ledo, xovial, outimista, con belidas inxeniosas ocorrencias a fror de beizo, que coñecera en Pontevedra no ano 1934, apresentado polo inesquecente Alexandre Bóveda, e que despedira en Compostela un mes dispóis. Inda que físicamente víaselle varil, e dende logo con plenitude de lucencia mental, notábaselle que fondas pesadumes acugulaban o seu espírito.

—“Dende a miña derradeira saída de Galicia —dixome—, nos primeiros días de xullo do 36, ca ledicia do plebiscito do noso Estatuto... ¡Cántas vicisitudes, cuántas ilusións derrubadas, cánta dóor...! E non por mín, que persoalmente saín con moita sorte dos perigos da guerra e das rixezas do eisilio, senón polo rexurdimento integral da nosa Terra tronzada de súpeto, e polos pasamentos de tantos amigos e irmáns... Calóu uns intres, visiblemente conmovido, e seguíu decindo: “A pesares de tudo elo, a miña fe no porvir ventureiro de Galicia, mantense ben ergueita, aínda sabendo que eu non chegaré a velo... Fortece a miña fe, as garimosas acollidas que tiven dos galegos de Cuba, de Norteamérica e de Río Xaneiro, e a mainífica de hoxe en Montevideo”.

—“Pois isas acollidas —lle dixen—, ha de velas extraordinariamente superadas pola que lle farán os galegos da Arxentina”.

—“Elo me proba, —engadiu Castelao—, que o sentimento patriótico galego se mantén con rexa firmidade. A sementeira dos precursores, dos seguidores e da nosa xenerazón, sigue froitificando”.

Dispóis da cea, inda seguimos falando. O corazón de Castelao, cal fonte cantareira, deitaba craras e abondosas augas de apaixonados sentimentos encol da sagra Terra... Seu falar era doce, cordial e aleizador, sen espresión algunha de acedumes, sen xenreiras polos moitísimos sofrimentos aínda latexantes... Eu sentíame abraiado pola grandeira moral humán, cristián e pola serea espritoalidade de Castelao, naquela hora todavía desasosegada, de feridas, aínda aberta, de odiosidades incontidas, de cramores de impracabre xustiza... ¡Castelao non parecía ser

xa diste mundo atolado, impiedoso, coallado de imperfeicións. Castelao, diríase que estaba por riba do ben e do mal...! Alá nunha ideábele galaxia, onde sóo reinase a beleza e a bondade.

CHEGADA A BUENOS AIRES

Eran polas nove da mañá do 16 de xullo do 1940, cando o vapor "Argentina" atracaba no porto de Buenos Aires. Xa, dende unha hora denantes, estábamos erguidos. Dende a borda de estribor albiscábamos o inmenso xentío que agardaba ao Guieiro da galeguidade.

Castelao xa non era o home apouvigado, esmorecido e atristado que víramos en Montevideo. Ollábaselle en milagrenta transformación. Rexo, sorridente, ledó e ca vivacidade daquil Castelao que eu coñecera en Pontevedra. Por lle espresar dalgún xeito a miña sorpresa, díxenlle: "Parés que pasou boa noite; que durmíu ben...". E Castelao, co seu característico surrir abelencioso, díxome: "¿Por qué mo pregunta?". "Pois, porque o vexo moi rufo, como mozo que vai de festa", lle respondín. Castelao ceiba un fondo suspiro e me dí con radiosa ledicia: "E non é pra menos, querido Pradiña. Istase facendo realidade o meu grande anxeio: O de pasar meu eisilio na Arxentina, non sóo porque nela estiven de neno, senón por ter a maior colectividade de galegos emigrados, por ter eiquí moitos amigos e compañeiros de loitas patrióticas, e por sere Buenos Aires o máis grande cacho de Galicia no exterior".

* * *

Chegou o intre do desembarco e déuse, multiplicado, o cramoroso recebimento de Montevideo. Por especial xentileza das autoridades marítimas, tiveron aceso á praia dianteira da Alfandega, a comisión de receución, as autoridades do gran Centro Gallego de Buenos Aires, de un núcleo de damas e de figuras sobresaíntes da Colectividade Galega. Abrazos e máis abrazos pra Castelao e frores e máis frores pra doña Virxinia. E a fonda emoción de Castelao, foi recibir as apertas de esgrevios e queridos irmáns de recentes tarefas patrióticas en Galicia, eisilados en Buenos Aires: Xosé Núñez Búa, Gumersindo Sánchez Guisande, Lois Seoane, Elpidio e Lois Villaverde, Xermán Quintela

Novoa, Rafael Dieste, Antón Baltar, Arturo Cuadrado e outros.

A apoteose alcendida déuse, cando saíu Castelao da Alfandega e o acramaron estrondosamente milleiros e milleiros de galegos.

* * *

Alí se encetóu pra Castelao a groria do Monte Tabor. Que tal foron os nove anos vividos por íl en prena saúde en Buenos Aires.

A colectividade galega o decraróu seu hóspede de honor e o colmóu de agasallos e agarimos. Aos poucos días de chegar, ó Centro Gallego —máísima entidade da colectividade de cen mil socios—, lle ofrecéu un grandeiro banquete de máis de 2.000 comensáis, baixo o lema de: ¡Benvido Castelao! E foi alí, que o orador de fondo, o esgrevio ex-decano da Facultade de Meiciña da Universidade de Zaragoza, o profesor Gumersindo Sánchez Guisande, acuñóu, pra historia, a frase de corte cicerián, coa que rematou seu ispiradísimo e patriótico discurso: “Castelao é úneco. O molde no que foi fragoado rompéuse, e endexamáis Galicia terá outro fillo da mesma escelsitude”.

* * *

A popularidade, prestixio e agarimo de que gozóu Castelao antre os 400.000 galegos da Arxentina, foron esceucionáis. Tódolos domingos, tiña que aceder a requerimentos pra presidir banquetes ou actos culturais dalgunha das 300 sociedades galegas, e botar o conseguinte discurso que lle era cramorosamente pedido pola concurrencia. Moitos domingos houbo, nos cales, pra non desairar, xantaba nunha sociedade e iba a tomar café ó finar o xantar de outra. Daí a súa donairosa frase: “Niste Buenos Aires, síntome coma si andivera en Galicia en xeiras políticas: Un domingo vou a Betanzos (referíase ao nome da sociedade invitante), outro vou a Corcubión, outro a Rianxo, outro a Ourense, outro a Pontevedra... a falar en mítins...”. Mais, o certo era, que seus semanáis discursos non eran de propaganda electoreira... ¡Eran emozoantes exortacións de amore a Galiza e a o seu pobo, eran brillantes leicións de patriotismo galego! E non somentes en Buenos Aires, senón que tivo que acodir a chamadas

dos centros galegos de Montevideo, de Rosario, de Mendoza, de Pergamino, da Plata, de Bahía Blanca, etc., o cal supuña desprazamentos de centos de kilómetros, ou de máis de mil como o de Mendoza.

Aición tan esgotadora, non lle impedía traballar afervoadada e metódicamente nas súas mainificas creacións artísticas e literarias, atendendo parellamente as moitas obrigas do seu liderazgo patriótico-político.

Castelao pudo facer todo elo, pola virtude do bó ordenamento da súa vida. Vida decorosa sí, pro verdadeiro modelo de rigurosa austeridade. Era home de pouco comer e abstemio. En canto á mantenza, súa preferencia era o caldiño branco e patacas cocidas... Vivía nun pequeno apartamento dun 7.º piso, o cal, por dar á rúa, e ter amplos ventanáis, era moi luminoso. El chamáballo, donairosamente, o “meu farol”. Erguíase cedo e se deitaba deseguida de cear. Aproveitaba así, ao máisimo, a lús do día pra poder dibuxar, pintar e escribir, loitando, con rexa vontade, contra das témeras dificultades da súa vella teimosa semi-cegueira.

* * *

Alí, no “seu farol”, en fadigosas xornadas, creóu os tesouros que legóu a súa adourada Galicia:

— O luminoso libro “Sempre en Galiza”, editado polo Centro Ourensán de Buenos Aires, libro xa consagrado como a Biblia dos galegos.

— A serie de catro grandes dibuxos de cegos, que hoxe locen no Museo de Pontevedra. A serie, a tiña proietada Castelao de seis, mais non tivo tempo de a compretar. A ises dibuxos de cegos, que tiña enmarcados adobiando o seu fogar, chamáballes: “Meus compañeiros...” ¡Compañeiros da súa, cada vegada máis avantada, semi-cegueira!

— A curiosa e belida serie de acuarelas tiduada “Faunalia”.

— Dibuxos e acuarelas, a moreas, que regalaba a sociedades galegas e a amigos.

— A maravilosa colección de “Dibuxos de Negros”, merescidamente donada por doña Virxinia ao esgrevio patriota galego don Álvaro Gil Varela, que foi luxosamente publicada pola benemérita Editorial Galaxia, de Vigo.

— A belida obra teatral “Os vellos don deben de namorarse”.
— As ilustracións do libro “Jacobusland” do poeta Emilio Pita.

— As moitas ilustracións de libros da Editorial Atlántida, de Buenos Aires.

— Artigos, conferencias e discursos, a oito, antre eles o antoloxico “Alba de Groria”, que publicou o Centro Gallego de Buenos Aires en belido caderno deseñado polo sobresaínte artista Lois Seoane, membro de número da Academia Arxentina de Bellas Artes.

— E por derradeira, o moimental libro de investigación e de arte “As cruces de pedra na Galiza”, editado con esceucional categoría, mesmo na presentación como na parte gráfica, por un fato de amigos e baixo dirección artística de Lois Seoane. Castelao non chegou a ver totalmente impresa esa súa derradeira obra. Somentes pudo ollar uns primeiros cadernos que acadou tamén a firmar, pra regalía dos afortunados que teñen os poucos exemplares nos que foron incruídos. Tan mainífica obra, foi o valioso mensaxe de amore que, no intre de morrer, lle enviou a Galicia seu máis esgrevido fillo eisilado...

* * *

Castelao gozou en Buenos Aires, perante uns nove anos, a groria do Monte Tabor. Mais, cando voltou de París, de cumprir unha histórica misión patriótica, chegou ca saúde moi crebada. E non embargantes o ceoso tratamento de outas figuras da ciencia médica, tivo de camiñar pola tristeira Vía Crucis dunha doo-rísima doenza, que o levou ó suplicio do Monte Calvario na noite, que ha ser por sempre moi negra pra Galiza, do 7 de xaneiro de 1950.

O molde en que foi feito, rachouse... Castelao morreu, mais il vive e supervivirá polos séculos dos séculos na súa impar obra artística e literaria e por ter estado o seu espírito “Sempre en Galiza”...